



**CONSELLO DA
CULTURA GALEGA
OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA**

Web
consellodacultura.org

Twitter:
@consellocultura

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.org

Tel:
+34 981 95 72 02

26/5/2015

Arquivos e Bibliotecas

Introdución

Este informe recolle os principais datos das actividades culturais encargadas da custodia e catalogación do patrimonio documental e bibliográfico. Os arquivos sustentan unha parte fundamental da memoria colectiva, ao mesmo tempo que constitúen o soporte testemuñal da historia. Deste xeito, amósanse como unha ferramenta de coñecemento común, posto que son depositarios de información de carácter social e cultural, funcionando como custodios da documentación da actividade dunha institución, unha empresa ou mesmo unha persoa particular. As bibliotecas seguen sendo un espazo central para a cultura. As transformacións sociais e tecnolóxicas favoreceron unha adaptación destas ás novas necesidades dos seus usuarios.

A oferta de bibliotecas e servizos bibliotecarios públicos galegos estrutúrase a través da Rede de Bibliotecas de Galicia. A dirección e coordinación desta rede é responsabilidade da Xunta de Galicia, a través do Servizo do Sistema de Bibliotecas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Entre as súas funcións inclúese a elaboración de estatística, censo e mapa das bibliotecas públicas de Galicia.

Os datos estatísticos dos arquivos galegos amósanse a través de diferentes indicadores como tipo de arquivo, institución xestora ou titularidade. A principal fonte de información é o *Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica*, elaborado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. O *Censo-Guía* é unha guía electrónica e directorio de arquivos de España e Iberoamérica que lles permite aos cidadáns a localización inmediata dos centros de arquivo, así como os fondos e coleccións que custodian e os servizos que estes prestan, ademais de servir como ferramenta para a conservación e difusión do patrimonio documental. Os datos de bibliotecas nítrese da estatística da Rede de Bibliotecas de Galicia, responsabilidade da Xunta de Galicia, a través do Servizo do Sistema de Bibliotecas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Nesta recóllese unha gran cantidade de datos así como indicadores de usuarios, actividades, infraestruturas, equipamentos e magnitudes económicas, entre outros. O mecanismo desta recompilación de información bibliotecaria específica da rede e que ten carácter anual realízase mediante a propia cobertura dunha ferramenta informática habilitada na páxina web do portal da Rede de Bibliotecas de Galicia. Neste informe non facemos referencia á Enquisa de Bibliotecas do Instituto Nacional de Estatística porque xa foi obxecto de estudo anteriormente¹.

¹ <http://consellodacultura.gal/mediateca/documento.php?id=2179>



Rede de Bibliotecas de Galicia

Entre os anos 2009 e 2013 aumentaron en 57 os puntos de servizo das bibliotecas galegas, que pasan dos 317 aos 374, un aumento moi significativo que vai ligado tamén ao importante crecemento da dispoñibilidade dos postos de consulta, que acada un total de 18 320 postos, case 500 máis que no ano anterior.


Puntos de servizo e total de postos de consulta dispoñibles

	2009	2010	2011	2012	2013
Puntos de servizo	317	303	319	307	374
Total postos de consulta dispoñibles	17 511	17 054	17 733	17 832	18 320

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia

Neste mesma liña de crecemento sitúanse tanto o número de poboación atendida, que cubre practicamente a totalidade de Galicia, como o número de usuarios. En 2013, as bibliotecas superan por primeira vez os 800 mil inscritos, 123 587 persoas máis que en 2012. Unha forte suba que queda reflectida do seguinte xeito nesta gráfica.

Evolución do total de usuarios inscritos na Rede de Bibliotecas de Galicia



Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia

O crecemento é o denominador común dalgúns dos indicadores básicos dos servizos bibliotecarios: aumenta o número de visitantes das bibliotecas, que supera os 5,5 millóns de persoas, o que implica unha suba de máis de 600 mil usuarios nos últimos cinco anos; soben os préstamos efectuados por riba dos 2,5 millóns, así como as actividades realizadas en case 2000 actividades máis (14 539 en 2013 fronte ás 12 292 de 2009), das que un 78,7% son organizadas pola propia biblioteca.

Visitantes e préstamos da Rede de Bibliotecas de GaliciaDATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

	2009	2010	2011	2012	2013
Número de visitantes	4 881 198	4 941 448	5 212 925	5 495 226	5 553 356
Préstamos totais	2 057 598	2 214 933	2 303 933	2 448 602	2 498 699

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia


Respecto ao persoal empregado na Rede de Bibliotecas de Galicia, constátase o aumento deste tanto no caso dos bibliotecarios profesionais como dos auxiliares, cunha única excepción: o caso dos auxiliares con dedicación parcial, que veñen diminuíndo nos últimos tres anos de estudo. O total do persoal sitúase en 898 persoas, das que un 30,8% son bibliotecarios profesionais. Na seguinte táboa detállase a evolución do número de persoal bibliotecario profesional e o de auxiliares de biblioteca da rede.

Bibliotecarios profesionais e auxiliares de biblioteca da Rede de Bibliotecas de Galicia

	2009	2010	2011	2012	2013
Persoal total	362	891	893	877	898
Bibliotecarios profesionais, dedicación plena	158	158	161	163	213
Bibliotecarios profesionais, dedicación parcial	43	49	54	52	64
Auxiliares de biblioteca, dedicación plena	273	292	290	274	305
Auxiliares de biblioteca, dedicación parcial	117	140	106	97	87

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia

Os equipamentos das bibliotecas da rede tamén melloran. Incrementáanse, en xeral, o número de fotocopiadoras, impresoras, escáneres e ordenadores, tanto para uso interno como público. Pola contra, en 2013 pérdese superficie de uso bibliotecario aínda que aumenta a superficie total das bibliotecas.

Superficie total e de uso bibliotecario

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia



A colección total da rede de bibliotecas sitúase ao redor dos 5,6 millóns de volumes, no que se inclúen todas as clases de documentos, dende libros, folletos, documentos sonoros, audiovisuais, gráficos ou cartográficos ata diapositivas, microformas ou mesmo manuscritos, entre outros; o que supón unha media de 2,1 documentos por habitante. Na táboa que vai a continuación obsérvase que a evolución tanto no total dos fondos da rede de bibliotecas como no total de adquisicións anuais acada o nivel máis alto en 2013, con máis de 380 mil adquisicións, cun crecemento das adquisicións dun 6,4% .

Total colección e adquisicións da Rede de Bibliotecas de Galicia

	2009	2010	2011	2012	2013
Fondos	4 557 780	4 786 758	5 129 012	5 136 587	5 619 567
Total adquisicións	289 139	255 349	255 334	279 573	381 132

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia

A fonte fundamental de financiamento da rede de bibliotecas de Galicia é o concello, seguido pola Xunta de Galicia. Como se observa a continuación, case o 70% deste financiamento é a cargo dos fondos municipais, que en 2013 superou os 17,4 millóns de euros.


Distribución do gasto da Administración pública na Rede de Bibliotecas de Galicia

Gasto en bibliotecas	
Concellos	17 436 102
Xunta de Galicia	6 210 521
Deputacións	1 248 048
Ministerio de Educación, Cultura e Deporte	143 030

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia

O repartimento porcentual do gasto público da Rede de Bibliotecas de Galicia é como segue:

Fontes de financiamento da rede de bibliotecas de Galicia en 2013



Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia



A estatística da Rede de Bibliotecas de Galicia ofrece un adianto de información do pasado ano 2014 relativa ás bibliotecas con sitio web que utilizan o programa de xestión bibliotecaria MEIGA e que forman parte desta rede.

Evolución de indicadores das bibliotecas web da Rede de Bibliotecas de Galicia, usuarias do programa MEIGA de xestión bibliotecaria

	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Bibliotecas web	1190	1307	1395	1455	1492	1521
Crecemento no ano	196	117	88	60	37	29
Número consultas acumuladas	37 235 000	37 703 980	38 031 429	30 484 353	84 940 906	57 271 748
Media mensual	3 102 917	3 141 998	3 169 286	2 540 363	7 078 409	4 772 646

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia

Como se pode ver, hai un crecemento sostido nos últimos anos ata chegar a 1521. O número de consultas acumuladas o ano pasado superou os 57 millóns.

A busca de autores lidera as consultas ao catálogo OPAC, seguido de detalles do rexistro, tal e como se observa na seguinte táboa.

Tipo de busca no catálogo en liña (OPAC) das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia usuarias do programa MEIGA de xestión bibliotecaria. Ano 2014

Tipo de busca no OPAC	Número de consultas no mes
Autores	1 493 340
Materiais	510 123
CDU*	466 216
Editoriais	298 811
ISBN	3 651
Títulos/series	418 131
Centros de interese	70 025
Refinado	766
Detalle rexistro	1 079 819
Consulta avanzada	1 290
Catálogos virtuais	1 552
Descargas	5 627

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia

En 2014, as bibliotecas usuarias do sistema de xestión bibliotecaria MEIGA, da Rede de Bibliotecas de Galicia, levaron a cabo máis de 70 mil préstamos, dos que un 0,6% foron empréstitos informatizados.

Bibliotecas web, segundo tipo, que utilizaron préstamo informatizado en 2014

Tipo de biblioteca	Número de bibliotecas	Bibliotecas que utilizaron préstamo	Número de préstamos
--------------------	-----------------------	-------------------------------------	---------------------

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

informatizado

Municipais	308	105	31 847
Centros de ensino	1020	350	41 949
Outras	193	7	130
Total	1521	462	73 926

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia


O número de prestatarios activos, é dicir, os usuarios distintos de biblioteca que solicitaron polo menos un préstamo en 2014 foron 49 362. Para este indicador só se teñen en conta as bibliotecas públicas municipais que no 2014 utilizaron o préstamo informatizado do programa de xestión bibliotecaria Meiga e que teñen público o seu catálogo. Destacan pola cantidade de usuarios deste tipo (máis de 1000 en cada unha) as seguintes:

Bibliotecas con máis de 1000 prestatarios activos

Narón - B.P.M. de Narón
 Vilagarcía de Arousa - B.P.M. "Rosalía de Castro"
 Cambre - B.P.M. "Central" de Cambre
 Cambre - B.P.M. "Os Templarios"
 O Porriño - B.P.M. do Porriño
 Marín - B.P.M. "Vidal Pazos"
 Ames - Milladoiro - B.P.M. de Milladoiro
 Redondela - B.P.M. "Valle-Inclán"
 Baiona - B.P.M. de Baiona
 Ames - Bertamiráns - B.P.M. de Bertamiráns

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia

A seguinte gráfica amosa a evolución das consultas ao catálogo automatizado ou catálogo en liña de acceso público, OPAC.

Evolución das consultas ao OPAC da Rede de Bibliotecas de Galicia

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Estatísticas da Rede de Bibliotecas de Galicia



O censo de arquivos

O número total de arquivos que existe en Galicia na actualidade é de 4221, cifra que supón un 11,7% dos arquivos de toda España. É a terceira comunidade autónoma con maior número de arquivos, despois de Andalucía e Castela-A Mancha.

Número de arquivos por comunidade autónoma

Total España	35 957
Andalucía	4 705
Aragón	2 968
Asturias (Principado de)	744
Baleares (Illas)	137
Canarias	271
Cantabria	1018
Castela-A Mancha	4394
Castela e León	7984
Cataluña	1774
Comunidade Valenciana	3311
Estremadura	625
Galicia	4221
Madrid (Comunidade de)	864
Murcia (Rexión de)	68
Navarra (Comunidade Foral de)	2115
País Vasco	49
A Rioxa	609
Ceuta e Melilla	110

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. *Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica*

No que respecta ao número de arquivos, cómpre salientar que crecen de xeito significativo os arquivos de asociacións e de institucións científicas, culturais e de investigación. Por primeira vez a estatística do *Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica* achega datos dos arquivos de empresa, que emerxen con 176 arquivos na comunidade galega. As diferenzas nas clasificacións desta fonte obrigan a tomar os resultados que ofrecemos en series con certa cautela.

Constátase que, a partir do ano 2008, esta fonte recolle unha nova tipoloxía de arquivo e publica datos dos arquivos daqueles organismos públicos que foron suprimidos e cuxos fondos pasan a ser custodiados por uns arquivos centrais que varían dependendo das competencias dos devanditos organismos (competencia estatal, autonómica, provincial ou local). Estes arquivos experimentan un forte aumento e pasan de 45 a 253; o que semella ter relación con cambios nos organigramas dos departamentos públicos. O groso dos arquivos segue liderado polos arquivos parroquiais.

Número de arquivos en Galicia segundo tipo

	2007	2008	2011	2013	2015
Total arquivos	4218	4304	4167	4220	4221
Central da Comunidade Autónoma	-	-	-	1	1
De asociación	58	60	60	83	83
De centro benéfico	16	16	16	16	16
De confraría ou asociación relixiosa	3	3	3	3	3
Bancario	13	12	12	12	12
De empresas	-	-	-	176	176
De empresas públicas	-	-	-	2	2

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

De medios de comunicación	13	13	13	13	13
De organizacións patronais	3	3	3	3	3
De cámara agraria	107	107	282	17	17
De centros docentes non universitarios	249	249	242	238	238
De catedral ou colexiata	7	6	6	6	6
De seminario eclesiástico	4	4	4	4	4
Diocesanos	7	7	6	6	6
Monástico	42	42	43	43	43
Parroquiais	2756	2757	2413	2402	2402
Persoais e familiares	-	-	-	9	10
De colexios profesionais	40	40	40	42	42
De deputación provincial	7	7	7	6	6
De institución científica, cultural e de investigación	24	24	25	34	34
De institucións penitenciarias	4	3	3	3	3
De administracións públicas	-	-	-	89	89
De cámaras de comercio	-	-	-	7	7
De organizacións sindicais	10	10	10	10	10
De órganos de control externo	-	-	-	1	1
De partido político	3	3	4	3	3
De rexistros públicos	0	39	78	88	88
De sanidade pública	37	38	37	42	42
De cámaras da propiedade	-	-	-	4	4
De institucións hidrográficas e portuarias	-	-	-	5	5
Arquivo histórico provincial	3	3	3	3	3
Xudicial	-	45	260	225	225
Militar	4	4	3	2	2
Municipal	278	275	276	284	284
Notarial	59	59	59	59	59
Arquivo rexional	1	1	2	1	1
Arquivo universitario	22	24	24	4	4
De organismos públicos suprimidos	-	45	240	253	253
De organismos privados suprimidos	-	-	-	6	6
Territoriais	-	-	-	32	32

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. *Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica*

Por outra banda, e como se pode ver a continuación, a Administración autonómica e o Poder Xudicial son as institucións xestoras de titularidade pública cun maior número de arquivos. O *Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica* non achega en 2015 datos sobre os colexios profesionais.

Arquivos en Galicia de titularidade pública segundo a institución xestora

	2007	2008	2011	2013	2015
Administración central	256	253	237	241	241
Administración autonómica/territorial	430	430	458	459	459
Administración local	286	283	283	282	282
Poder lexislativo	1	1	1	1	1
Poder xudicial	414	414	414	414	414
Outras administracións públicas	23	23	23	1	1
Institución privada (Colexios profesionais)	-	40	40	-	-

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. *Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica*



Dos 4221 arquivos que hai en Galicia, case o 60% son privados e, dentro da titularidade privada, 2464 son xestionados pola Administración eclesiástica, un 57,7% do total.

Arquivos en Galicia de titularidade privada segundo a institución xestora

	2007	2008	2011	2013	2015
Persoa ou familia	16	16	16	13	14
Institución privada	298	256	257	258	258
Administración eclesiástica	2.819	2.819	2.476	2.464	2.464

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. *Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica*

Por último, no que atinxe ao ciclo vital dos arquivos, a meirande parte son centrais, tanto nos de titularidade pública como privada. En 2013, dobrouse o número de arquivos de ciclo intermedio, todos de titularidade pública a excepción dun: o arquivo de titularidade privada da Fundación Luis Tilve. Na seguinte táboa móstranse os datos segundo a titularidade e ciclo vital.

Arquivos en Galicia segundo a titularidade e ciclo vital


	2007		2008		2013		2014	
	Privada	Pública	Privada	Pública	Privada	Pública	Privada	Pública
Histórico	15	5	15	4	18	12	19	13
Intermedio	0	7	0	7	1	14	1	15
Central	196	1 080	194	1 072	194	1 062	194	1 061
De xestión	0	8	0	8	1	11	1	11

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. *Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica*

Emprego e ensinanzas das bibliotecas e arquivos

No relativo ao emprego cultural, e a partir dos datos publicados o 31 de marzo de 2015, conséntase unha acentuada baixada das afiliacións á Seguridade Social das actividades relacionadas coas bibliotecas e arquivos, que seguen a estar influídas pola estacionalidade, con tendencia a perderse traballadores no segundo semestre de cada ano.

Afiliacións á Seguridade Social en actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais en Galicia



Fonte: Instituto Galego de Estatística. Afiliacións á Seguridade Social



No referido ás ensinanzas culturais, a titulación de 2º ciclo de Biblioteconomía e Documentación é única e común para arquivos e bibliotecas. Na seguinte táboa obsérvanse os datos de matriculados e titulados neste ciclo. A partir do curso 2009-2010, o alumnado comeza a nova titulación de Grao en Información e Documentación.


Alumnos matriculados e titulados en Documentación (2º ciclo), en Biblioteconomía e Documentación, e en Información e Documentación en Galicia

		Licenciados en Documentación (2º ciclo)	Diplomados en Biblioteconomía e Documentación	Graduado en Información e Documentación
2009	Matriculados	41	60	-
	Titulados	13	14	-
2010	Matriculados	40	47	10
	Titulados	11	12	-
2011	Matriculados	29	33	13
	Titulados	10	14	-
2012	Matriculados	32	12	20
	Titulados	10	3	-
2013	Matriculados	18	8	27
	Titulados	7	4	1
2014	Matriculados	13	2	29
	Titulados	-	-	-

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. *Estadística de la Enseñanza Universitaria*

Cos datos do alumnado matriculado en 2014 constátase o aumento das matrículas en Grao. O número de matriculados, tanto en licenciaturas como diplomaturas, descende para abrir paso á nova titulación de Grao en Información e Documentación. Como se ve na seguinte gráfica, e á espera dos datos de titulados no curso 2014-2015, o número de matrículas de Grao en Información e Documentación aumenta de xeito significativo.

Evolución comparativa do alumnado matriculado nas universidades galegas segundo o tipo de titulación



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. *Estadística de la Enseñanza Universitaria*



Conclusións

Entre os anos 2009 e 2013, aumentaron en 57 os puntos de servizo das bibliotecas galegas, que pasan dos 317 aos 374. A rede conta con 18 320 postos de consulta, case 500 máis que no ano anterior. En 2013, as bibliotecas superan por primeira vez os 800 mil inscritos, 123 587 persoas máis que en 2012. A colección total da rede de bibliotecas sitúase ao redor dos 5,6 millóns de volumes.

Respecto ao persoal empregado na Rede de Bibliotecas de Galicia, conséntase o aumento deste tanto no caso dos bibliotecarios profesionais como no dos auxiliares. O total do persoal sitúase en 898 persoas, das que un 30,8% son bibliotecarios.

A fonte fundamental de financiamento da rede de bibliotecas de Galicia é o concello, seguido pola Xunta de Galicia. Case o 70% deste financiamento é a cargo dos fondos municipais.

En 2014, as bibliotecas usuarias do sistema de xestión bibliotecaria MEIGA da Rede de Bibliotecas de Galicia levaron a cabo máis de 70 mil préstamos. O número de prestatarios activos, é dicir, os usuarios distintos de biblioteca que solicitaron polo menos un préstamo en 2014 foron 49 362. As bibliotecas informatizadas crecen de forma sostida nos últimos anos ata chegar ás 1521. O número de consultas do catálogo acumuladas no ano pasado superou os 57 millóns.

O número total de arquivos que existen en Galicia na actualidade é de 4221, cifra que supón un 11,7% dos arquivos de toda España. É a terceira comunidade autónoma con maior número de arquivos.

Dos 4221 arquivos que hai en Galicia, case o 60% son privados e, dentro da titularidade privada, 2464 son xestionados pola Administración eclesiástica, un 57,7% do total.